

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

2109 *Corrección de erros da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014.*

Advertidos erros na Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 309, do 26 de decembro de 2013, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 7, sétimo parágrafo do número VII do preámbulo, onde di: «As prestacións patrimoniais de carácter público aeroportuarias increméntanse nun 2,5 por cento respecto das contías exixibles en 2013.», debe dicir: «As prestacións patrimoniais de carácter público aeroportuarias increméntanse nun 0,9 por cento respecto das contías exixibles en 2013.».

Na páxina 164, disposición adicional vixésimo quinta, número un, última liña, onde di: «Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte», debe dicir: «Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte».

Na páxina 199, disposición derradeira cuarta, número tres, último parágrafo, segunda liña, onde di: «... transcorresen cincocentos corenta e cinco días...», debe dicir: «... transcorresen os cincocentos corenta e cinco días...».

Na páxina 225, disposición derradeira vixésimo sétima, terceira e cuarta liñas, onde di: «... Seguridade Social, que queda redactada como segue:...», debe dicir: «... Seguridade Social, que queda redactado como segue:...».